



## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 23 DE OUTUBRO DE 2020

**1.- Ratificación da urxencia da convocatoria.** Ratifícase a urxencia.

**2.- Aprobación do proxecto de modificación de crédito (crédito extraordinario) co obxecto da adquisición dun vehículo todo terreo para a Policía Local.** Apróbase a modificación de crédito proposta, por un importe total de 18.029 euros, co obxecto de habilitar o crédito necesario que permita á Policía Local acometer a adquisición deste vehículo; que se financia coa baixa por anulación do crédito dispoñible existente para dar cobertura ás actividades do departamento de festas, que se viron alteradas con motivo da pandemia xerada pola COVID-19.

**3.- Aprobación do proxecto do expediente de crédito extraordinario nº 2020-CREXT-13 financiado co remanente líquido de tesouraría para gastos xerais do concello, exercicio 2019.** Apróbase o expediente do citado crédito por un importe de 217.909,64 euros, financiado na súa totalidade con remanente líquido de tesouraría para gastos xerais do concello do exercicio 2019. Esta habilitación de crédito extraordinario pola cantidade citada de 217.909,64 euros destínase á atención das obrigas pendentes de aplicar ao orzamento a 31/12/2019 (obrigas en situación de OPA contabilizadas na conta 413).

**4.- Aprobación do proxecto de expediente de suplemento de crédito 2020-CREXT-14, financiado con baixas por anulación e modificación da base 33.2 de execución do orzamento municipal para o exercicio 2020.** Apróbase o citado expediente de crédito extraordinario, por un importe de 30.000 euros, financiado con baixas por anulación, co obxecto de habilitar crédito para a concesión dunha nova subvención nominativa de Comercio coa finalidade da instalación dunha pista de patinaxe sobre xeo na praza Europa de Área Central, e a realización de actividades complementarias de dinamización durante a anualidade 2020.